



ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS  
COLECTIVO MONDOÑEDO É...  
CONCELLO DE MONDOÑEDO

PREMIO

MONDOÑEDO<sup>10</sup>

Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
655432511  
647468672 (tardes)  
reigosa@mundo-r.com  
fbouso76@gmail.com

A Asociación As San Lucas en colaboración co Colectivo Mondoñedo É ... e o Concello de Mondoñedo convocan a segunda edición do galardón denominado **Premio Mondoñedo10** co obxectivo de establecer vínculos permanentes entre a cidade e o concello que lles dá nome coas mellores obras de creación cultural producidas en Galicia e en galego nos últimos dez anos.

O prestixio decantado ao longo dos séculos por institucións e persoeiros de ascendencia ou residencia mindoniense, así como a recoñecida achega destes á cultura galega en xeral, xustifican a creación destes recoñecementos que se entregarán anualmente co fin de contribuír a salvagardar para a memoria do presente e do futuro da lingua e da cultura galegas aquelas obras que a xuízo do xurado correspondente merezan este recoñecemento.

Na primeira edición correspondente ao ano 2016 para elixir a mellor obra de **Narrativa** publicada en galego entre os anos 2006 e 2015 o xurado decidiu outorgarllo á obra “*Os libros arden mal*” da autoría de **Manuel Rivas**, publicada por Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2016.

Establécense dez modalidades que se sucederán ano a ano, convocándose sucesivamente consonte ao seguinte calendario:

**Modalidades:**

**Edición 2017:** Mellor obra de **Poesía** en galego, publicada entre os anos 2007 e 2016.

**Edición 2018:** Mellor obra de **Teatro** en galego, estreada ou publicada entre os anos 2008 e 2017.

**Edición 2019:** Mellor obra de **Ensaio** ou **Historia** en galego, publicada entre os anos 2009 e 2018.

**Edición 2020:** Mellor obra de **Música** de autor/a galego/a estreada ou publicada entre os anos 2010 e 2019.

**Edición 2021:** Mellor obra **Plástica** de autor/a galego/a, executada ou publicada entre os anos 2011 e 2020.

**Edición 2022:** Mellor obra de **Artes Visuais** de autor/a galego/a, executada ou publicada entre os anos 2012 e 2021.

**Edición 2023:** Mellor obra de **Tradución** doutra lingua ao galego, publicada entre os anos 2013 e 2022.

**Edición 2024:** Mellor obra de **Xornalismo Cultural** en galego, publicada ou desenvolvida en calquera medio entre os anos 2014 e 2023.

**Edición 2025:** Mellor **Persoa, Proxecto, Colectivo** ou **Institución** do eido cultural galego entre os anos 2015 e 2024.

**Edición 2026:** Mellor obra de **Narrativa** en galego, publicada entre os anos 2016 e 2025.

A entrega do premio correspondente a cada convocatoria realizarase en acto solemne coincidindo coas **Feiras e Festas das San Lucas** dese ano.

O premio, que se entregará ao/á autor/a da obra seleccionada, ou, en caso de falecemento ou outra causa, a un representante designado polos herdeiros ou titulares dos dereitos da obra premiada, consistirá na entrega dun diploma acreditativo e dunha obra artística orixinal e única de autor/a de prestixio recoñecido.



ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS  
COLECTIVO MONDOÑEDO É...  
CONCELLO DE MONDOÑEDO

PREMIO

MONDOÑEDO<sup>10</sup>

Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
655432511  
647468672 (tardes)  
reigosa@munido-r.com  
fbouso76@gmail.com

## Bases Premio “Mondoñedo10” 2017.

### Modalidade:Poesía

1ª.-Na edición correspondente a este ano 2017, o **Premio Mondoñedo10** concederáse na modalidade de **Poesía** á mellor obra escrita orixinalmente en galego e cuxa primeira edición fose publicada en calquera soporte nos 10 anos anteriores ao desta convocatoria; ou sexa, entre 2007 e 2016, ambos inclusive.

2ª.-Só serán obxecto da deliberación final os títulos que en prazo e forma decidan os membros do xurado e que só terán opción de propoñer en cada caso un máximo de dúas obras.

3ª.-Terán a consideración de finalistas (relación que se fará pública nas xornadas previas ao fallo) aquelas obras que figuren nas propostas remitidas por escrito por cada membro do xurado ao presidente ou secretario do mesmo no prazo e forma que se estableza oportunamente.

4ª.-Será proclamada gañadora a obra que despois das sucesivas roldas de votación, excluindo a cada volta a que obteña menos votos, aquela que reciba a maioría de votos na votación definitiva.

5ª.- Nin o presidente do xurado como membro permanente do mesmo nin o secretario poderán propoñer nin votar obras.

6ª.-Calquera cuestión relacionada ou non prevista nestas bases será resolta polo presidente do xurado previa consulta aos membros do mesmo; a súa decisión será inapelable.

7ª.-O xurado reuniráse en Mondoñedo o 15 de outubro de 2017 en hora e lugar a fixar pola organización. Unha vez producido o fallo, o seu presidente comunicáralle á persoa ou persoas premiadas a decisión así como a hora e lugar onde se realizará o acto público de entrega deste premio.

8ª.- No caso de darse a circunstancia de que algunha persoa designada como membro do xurado resultase ser tamén autor/a dunha obra proposta como finalista deste premio, esa persoa pode escoller entre estas tres opcións:

a.-Comunicar por escrito ao presidente do xurado a renuncia a que a obra da súa autoría forma parte das deliberacións finais.

b.-Comunicar por escrito ao presidente do xurado que renuncia a formar parte do mesmo. Neste caso, rogaráselle á institución ou asociación que o designou o nomeamento doutra persoa.

c.-De non expresar ningunha destas renuncias por escrito, a obra quedará automaticamente excluída das deliberacións finais.

9ª.- Terán a consideración de membros do xurado para a edición correspondente ao ano 2017, ademais do presidente e do secretario, as persoas designadas polas institucións e colectivos seguintes:

**Presidente:** Antonio Reigosa Carreiras, Cronista oficial de Mondoñedo.

**Vogal:** Presidente/a, ou persoa en quen delegue, en representación do **Consello da Cultura Galega**.

**Vogal:** Presidente/a, ou persoa en quen delegue, en representación da **Real Academia Galega**.

**Vogal:** Presidente/a, ou persoa en quen delegue, en representación da **Asociación de Escritores/as en Lingua Galega (AELG)**.

**Vogal:** Presidente/a, ou persoa en quen delegue, en representación do **PEN Clube Galicia**.

**Vogal:** Presidente/a, ou persoa en quen delegue, en representación da **Asociación Galega de Editoras**.

**Vogal:** Presidente/a, ou persoa en quen delegue, en representación da **Federación de Librerías de Galicia**.

**Vogal:** Sra. Alcaldesa ou persoa en quen delegue en representación do **Concello de Mondoñedo**.

**Secretario:** Fran Bouso, designado pola asociación convocadora.

Mondoñedo, 2 de xullo de 2017